

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XXVIII)



Cunqueiro, destinatario

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XXVIII)

Cunqueiro, destinatario

Edición de
Luís Cochón

Colaboradores
Lorena Domínguez Mallo
Anastasio Iglesias Blanco

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Directores:

Luís Alonso Girgado
Xosé Luís Cochón Touriño
Ramón López Vázquez

Consello asesor:

Xesús Ferro Ruibal
Manuel Quintáns Suárez
Anxo González Fernández
Segundo Pérez López
Anxo Tarrío Varela
Andrés Torres Queiruga

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística:

Valentín García Gómez

Coordinador científico:

Manuel González González

Director Técnico de Literatura:

Anxo Tarrío Varela

© Textos: do destinatario, e, na parte que lles toca, dos autores.

© Da introdución e notas: Luís Cochón.

© Ilustracións de cuberta e de interior: Xulio García Rivas.

Maquetación e impresión:

Grafisant, SL (Santiago de Compostela)

ISBN:

978-84-453-5139-0

Depósito legal:

C 639-2014

ÍNDICE

Limiar	11
Cartas.....	23
Carta de Salvatore Quasimodo	25
I.....	25
Carta de Fernando Alonso Amat	29
II	29
Cartas de Emilio Álvarez Blázquez.....	30
III.....	30
IV	35
Cartas de Alejandro Armesto.....	37
V	37
VI.....	38
VII.....	40
Carta de Blanco Amor.....	41
VIII	41
Carta de Paulina Botella	44
[Bibliotecaria de Manuel Halcón]	
IX.....	44
Carta de Ricardo Carballo Calero.....	45
X	45
XI	47
Carta de Plácido Castro.....	48
XII.....	48
Cartas de José María Castroviejo	50
XIII	50

XIV	52
XV	54
Cartas de Francisco Fernández del Riego	55
XVI	55
XVII	57
XVIII	58
XIX	60
XX	61
XXI	63
XXII	64
XXIII	65
XXIV	67
XXV	69
Cartas de Celso Emilio Ferreiro	70
XXVI	70
XXVII	71
XXVIII	73
Carta de Dionisio Gamallo Fierros	74
XXIX	74
Carta de Manuel García Viñó	76
XXX	76
Cartas de Miguel González Garcés	78
XXXI	78
XXXII	79
XXXIII	80
XXXIV	82
Carta de Aquilino Iglesia Alvariño	83
XXXV	83
Cartas de Alfredo Kindelán	84
XXXVI	84
XXXVII	85
Cartas de Josef Kostohryz	86
XXXVIII	86
XXXIX	88
XL	90
XLI	92
XLII	93
XLIII	94
XLIV	96

Carta de José Landeira Yrago.....	97
XLV.....	97
Carta de Ramón Lugrís.....	99
XLVI.....	99
Carta de Isabel Martínez-Barbeito.....	100
XLVII.....	100
Cartas de Isidoro Millán González-Pardo.....	101
XLVIII.....	101
XLIX.....	103
L.....	105
Carta de Santiago Montero Díaz.....	108
LI.....	108
Cartas de Eugenio Montes.....	111
LII.....	111
LIII.....	112
Cartas de Abelardo Moralejo Laso.....	113
LIV.....	113
LV.....	114
Cartas de Ramón Otero Pedrayo.....	115
LVI.....	115
LVII.....	116
Carta de Manuel Prego de Oliver.....	118
LVIII.....	118
Carta de Carlos Romero de Lecea.....	119
LIX.....	119
Carta de Luis Santamaría.....	121
LX.....	121
Carta de Jesús Suevos.....	123
LXI.....	123
Carta de Sabino Torres.....	124
LXII.....	124
Carta de Luis Trabazo.....	125
LXIII.....	125
Cartas de Dalmiro de la Válgoma y Díaz Varela.....	127
LXIV.....	127
LXV.....	128
LXVI.....	129

Carta de José Luis Varela Iglesias	130
LXVII.....	130
Carta de Julio Yordi.....	132
LXVIII	132
Índice da ordenación alfabético-cronolóxica das cartas de <i>Cunqueiro, destinatario</i>	135
Índice da ordenación cronolóxica das cartas de <i>Cunqueiro, destinatario</i> a partir da primeira delas, en cada autor	137
Índice onomástico	139



Limiar

Ó comezo da miña *Introdución* ó epistolario habido entre *Álvaro Cunqueiro e Alberto Casal (1955-1961¹)*, dise:

“Teño ó meu redor espalladas tódalas cartas que tiveron a *Álvaro Cunqueiro* por destinatario. Son moitas menos do que eu pensaba. Seguro que houbo bastantes máis en cantidade e en variedade de correspondentes; tivo que haber, pero fóronselle das mans. Non sei se por írense perdendo aos poucos, sen máis estima nin valor ca dun momento que se consumiu en si. Pródigo de máis, foise quedando só con aquilo que lle portiña de vez. Cáseque sen libros, tan amigos que lle foran. Escasamente cos seus propios, nas primeiras edicións, ou segundas, se algo engadiu. Non conservou recensións, ou críticas, sobre o seu labor de escritor. Cando nos achegamos a el, no 69 en Mondoñedo, máis tarde, en Vigo, nos últimos anos setenta, en demorada conversa semanal, se tal os mércores, atopamos cun home —por dicilo así— náufrago de si mesmo: un conservador lúcido que non conservaba nada de si propio, arredado de augas pasadas, que recordaba —bo era el— aínda que, a grande gusto, prefería recordar o presente ou o futuro, cando todo tempo é memoria. Falabamos de calquera cousa, menos do que nos importaba. Refusaba falar del. Tamén dalgúns tempos. E desde logo do seu *Orestes*, fallido —pensaba el— por apresurado e por outras cousas. Aquecía coa nosa memoria de lector da súa propia obra, daquela, case completa. Conmovía o traballo afanoso daquel home mermado pola enfermidade, pouco menos que cego, teclando na máquina, soamente co índice dereito, mentras que coa man esquerda sostíña unha lupa tamaña para ver o que escribía: tiña que rematar para Destino *Ollar/Ver Galicia* en edición galega e castelá, en volumes distintos, que aparecerían xa póstumos. Foi o último que lle vimos escribir, mediado o ano 80”.

Este “caderno” de hoxe, (XXVIII), é, ten que ser, continuación do (XXIII), na medida exacta que o todo abraza á parte. A parte, é o xa publicado, as cartas entre Cunqueiro e Casal. O todo, é o que resta: estas 68 cartas que teñen a *Álvaro* por destinatario. Se o editor escolleu a parte (e non o todo) foi porque esa parte era a de maior relevo para mostrar a verdade máis íntima do grande fabulador e poeta; a parte é o *sitio* máis confidencial

¹ *Saiban cantos estas cartas viren... Cadernos Ramón Piñeiro XXIII*. Centro Ramón Piñeiro, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2012.

entre dous amigos que se respectan e que se queren. Por iso optouse polo miolo da confesión emocionante, no fondo coma tema case que único.

35 remitentes, de 68 cartas, digamos o dobre de envíos, datados entre os anos 1949 e 1979, trinta anos, e recibidos en Mondoñedo, primeiro, até 1961, e en Vigo despois. (O último de Del Riego, 20 de febreiro, 1961, carta XXV), traza o meridiano, cando Cunqueiro vai vivir para Vigo e, asemade, a cesación do carteo entre ambos. Por certo, é de ver o número escasísimo de misivas conservadas polo mindoniense, 10, que agora publicamos, contra as 95 que atesourou o de Lourenzá que, ó caso, multiplícan por dez o pecio².

Por caso, Del Riego é remitente privilexiado ó ser el quen máis cartas achega a esta correspondencia dirixida a un único destinatario, Álvaro Cunqueiro. 22 dos interlocutores sono de cadansúa misiva (Blanco Amor, autor dunha prodixiosa; Aquilino, Gamallo Fierros, Montero Díaz). 5 con dúas: Emilio Álvarez Blázquez, Eugenio Montes, Otero Pedrayo. Outros 5, con tres: Castroviejo, C.E. Ferreiro, Millán González-Pardo, Dalmiro de la Válgoma. Con catro cartas: González Garcés. Con sete, Josef Kostohryz, estraño correspondente, de Praga, lector en castelán de *Un hombre que se parecía a Orestes*, Ed. Destino, a cuxo enderezo barcelonés dirixe a primeira e a segunda das súas cartas o rendido admirador de Cunqueiro, tradutor ó checo do *Orestes*.

Que ninguén busque unicidade nestas cartas de hoxe: o que foi quedando, a resultas do azar, das mudanzas, da vida que se vai perdendo, como se foron as outras cartas (que as houbo) e que xa non están (tampouco os remitentes, se algún queda). O propio Orestes, maduro e de volta, confesa: **hai moitas vidas!** Vidas na vida dunha persoa. Vidas que xa non son de noso, senón vida de outros, alleas, que viran e mudan, como a nosa propia.

A derradeira quita de papeis que Álvaro levou a cabo, porque lle estorbaban o espazo físico e conceptual, debeu ser no ano 1977 e aínda despois, a teor do que me dixó entón: **hai que irse espindo de cousas que xa non son.** De aí esa impresionante demouca, para volver, cáseque un, a si, ascético.

² Véxase Álvaro Cunqueiro: *Cartas ao meu amigo. Epistolario mindoniense a Francisco Fernández del Riego, 1949-1961*. Con limiar do destinatario, e edición de Dolores Vilavedra. Ed. Galaxia, S.A., Vigo, 2003.

Daquela deixoume ler cartas, ou mas leu el, que non consta que as deixara remanecer: de Norton, de Colin Smith, de Giovanni Allegra, mestres. Cartas de mozos estudosos da súa obra: Linda Sandbach, Giancarlo Ricci, do meu tempo, un tempo onde Cunqueiro non era tido en consideración —tan présbita— para nada.

Falei denantes de pecio (as crebas do naufraxio). Estas 68 cartas proveñen de alí, e son, en todo, daquel tesouro. Hainas ben fermosas (non me cansarei de propagar a beleza única da de Blanco Amor, VIII). A de Salvatore Quasimodo³, escueta misiva, acuse de recibo do artigo de Cunqueiro en “El Progreso”, de Lugo, referido ó recente, por entón, Premio Nobel de Literatura, 1959. As palabras de Álvaro —*opportune et importune*— declararon un fito valente, público e audaz en persoa inesperada polas posicións políticas disímiles, *ex toto diametro*, dos dous poetas. (Polo menos entre amigos o de Mondoñedo non se furtou de cantarlle as corenta a algúns persoeiros do Réxime, acaso a soberbia do desencanto levouno, en ocasións, a ser individuo politicamente incorrecto, para dicir, así de simple, o que pensaba, farto xa de tantas cousas). A cartiña de Quasimodo, no lugar número un, pola súa importancia extramuros, polo desenganche —un repente, matizado deseguido— da sintonía acostumada, e pola oufanía que o destinatario sentiu.

Tesouro é a carta LVII de don Ramón Otero que atende unha recomendación de Álvaro para un seu afillado. Calquera cousa válelle a don Ramón para quitarlle importancia ó pedido, e irse mangado a fabular de Bertrand de Born, de Hoffman, de Köenisberg, de Bernardo de Bonaval, mangado a dicir a teoría das gárgolas compostelás, a “inorme soedade”, que desenvolve a lectura máis escrupulosa d’*O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*. Esa é a verdadeira *sagacitè* de don Ramón, que se larga como adoita, até chegar, neste caso “a petar na derradeira porta do impeitizo”. (Todo iso mentras viaxa no Castromil, e escribe, e contempla a demorada primavera da terra de Trasdeza e os “agromados seos das mocías”, camiño de Ourense, ós seus setenta e un anos.

³ Adoitamos a pronuncia esdrúxula, sendo así, que ben pode ser grave, como en grego, por ser o escritor, como se sabe, siciliano: isto é, oriundo da Magna Grecia. A dobre acentuación é correcta.

É de admirar a altísima calidade da carta XLVIII, de Isidoro Millán González-Pardo, incógnito, a propósito dunha tradución que Álvaro fai de Villon (“Ballade des pendus”) por demais excelente. As acoutacións de Millán non fan senón confirmar esa excelencia (Véxanse as anotacións ó texto).

Mención á parte merece a LXVI, de Dalmiro de la Válgoma, na que se congratula do nomeamento de Cunqueiro como individuo numerario na Real Academia Galega. Se a traio aquí, extemporánea, é coma pretexto de outra situación vivida catorce anos despois, na que Álvaro estivo a piques de ser designado, *in pectore*, para ocupar escano na Real Academia Española. Non puido ser. Ha de lerse a carta L, de Millán, tan amigo de Cunqueiro coma de Dalmiro e da súa dona Elena Quiroga: “Leí en el *ABC*, con mucho contento, tu nombre en la lista de “academicables”. Como escritor singular en las dos lenguas, sin compromisos de moda ni de grupo, ni recurso al reclamo, tienes méritos a porrillo para estar allí hace algún tiempo, pero bien sabes que, a un lado méritos, hay una “política” para franquearse el acceso con no menos asociaciones y maniobras y alianzas que las que, aunque no te sea grato, tienes obligación de tantear, en correspondencia a los que te admiramos tanto y quisiéramos ese reconocimiento solemne de tu calidad excepcional. No es preciso, para ello, que abduques de tu elegancia y decoro literario. Y tampoco, si no te proponen o votan, debe dársele un ardite, atento a proseguir tu obra, que está al margen y ya muy por encima del nivel medio de los académicos “creadores” de lengua o ficciones” (Tamén a nota 2 á citada carta, moi aclaradora).

Debe saberse que Cunqueiro desoíu por completo as indicacións que lle facía Millán. Nin moveu nada nin escribiu a ninguén nin fixo esa “política” nin tanteou a ningún dos bos amigos que tiña na Española: Martín de Riquer, Manuel Halcón, Joaquín Calvo Sotelo, Eugenio Montes, Pedro Laín ou Antonio Tovar... Nin manobrou nin se aliou. Na Academia nada hai, nada consta en acta ningunha. Nin na Secretaría nin no Arquivo. Pero falouse varias veces nos “corrillos” dos xoves, quinta feira, onde se apañan, compoñen e adobían os nomes que, a partir de aí, figurarán nas actas, no caso de cubriren vacantes.

Hai dous momentos, cando menos, nos que Cunqueiro, na sede académica, foi protagonista *en ausencia*, en senllos actos que rexistra o Boletín

da docta corporación: primeiro, no discurso necrolóxico pronunciado por Calvo Sotelo na memoria de Eugenio Montes; segundo, no discurso de ingreso de Elena Quiroga de Abarca, titulado *et pour cause* “Presencia y ausencia de Álvaro Cunqueiro”. Nas dúas celebracións, por escrito, danse, daquela maneira, claves abundas para explicar a non elección de Álvaro Patricio Cunqueiro Mora no seo da RAE.

Hase saber que quen máis lidou contra a recepción de Cunqueiro foi —ó final todo se sabe— Camilo José Cela Trulock, apoiado polo grupo do *ABC*, periódico este que nunca lle perdoou ó noso escritor algunha tropelía que lle fixo (ocasión haberá para abundar nestes desencontros).

Os remitentes —volvendo ó que iamos— adoitan escribir en castelán. Tan só nove deles: Carballo Calero, Plácido Castro, Castroviejo (en parte), Del Riego, C. E. Ferreiro, Aquilino, Landeira Irago, Ramón Lugrís e don Ramón Otero empregan o galego. Quasimodo e Kostohryz fano en italiano, e a viúva deste último, en francés.

A nosa edición respecta os orixinais (manuscritos ou mecanoscritos), tal cal. Nada se quitou, nada se expurgou, aínda que algunha inconveniencia, mínima, merecería cal tal.

Non poderíamos, por último, deixar sen resposta unha das cartas de Piñeiro a Cunqueiro, hoxe perdida, pero da que posuímos contesta que damos a seguido:

Vigo, 1 outono 1971

Querido Ramón:

Recibin as tuas cartas e en poucos días mandareiche os dous folios para o homenaxe a Penzol.

Comprácame moito que che gostase “Xente de aquí e de acolá”. Coido que, con “Escolma de menciñeiros”, fica tocada unha das mil caras da xente nosa, do ser galego.

Eu, craro está, son ben conscente das miñas obrigas no que toca a Galicia, é decir, á nosa lingua e ás nosas letras. Coido que eu lle poido dar á literatura galega algo que outros, que quizaves lle dan cousas millores, non

lle poden dar iso que eu dou. Pro eu, tristemente, non poido darlle á miña obra en galego nin a décima parte do tempo que mester for. Eu vivo do meu traballo, e todo o gañado levárono as carreiras dos fillos, e agora atópome con que aínda teño que escribir vinte ou mais artigos ao mes, dar conferencias que me aborrecen, agora remato dous libros en castelán que me supoñen uns miles de pesetas, etc. Cómo non iba a pasar días enteiros co libro dos paxaros? Pro é que non teño dises días, isas horas. Aínda que o noxento Celso Emilio en Caracas propalase que eu escribín en galego polos cartos, ti sabes que eu din os meus libros gratis et amore a “Galaxia”, e sin percibir cáseque nin un pataco. Así están as cousas. Quero facer o libro dos paxaros, e fareino, e dar unha ou dúas novelas, unhas pezas de teatro, un ou dous libros de poemas, e todo isto nun ano ou dous. Porque, ademais, estou nunha hora na que me sinto muito mais doado en decir en galego, fártame mais, está o pan das verbas na boca miña mais sabroso e fresco si é galego... Pro aínda que fai moitos anos que deixei de ser un preguizoso, a verdade é que o artigo cotián cánsame. Levo escrito moito, pro aínda non me liberei, e coído que quizaves nóno logre nunca, dun certo medo e dunha certa emoción cando me sento a escribir, e o resultado é que me asolago no mundo dun tema dado, e despois cústame saír e meterme noutro que me agarda.

Perdóame iste desafogo, e que me confese contigo agora mesmo, pro a tua carta chegóume cando eu cismaba nisto, e no que eu aínda poido dar en galego. Ademais, ti non eres un mal confesor.

Unha forte aperta do teu sempre amigo

Alvaro

[NOTULA BENE: Foron publicadas trece cartas de Cunqueiro a nome de Ramón Piñeiro⁴. A que hoxe glosamos é a carta 12 (pp. 77-78) da ed. cit., escrita en Vigo, e perfectamente datada, 1 outono 1971, moi inusual, tratándose de quen se trata. Aínda que fora por iso, esta ha ser especial. No primeiro parágrafo menciona “as túas cartas”, que non temos, incluída a de agora, aquela na que Álvaro tenta responder, e responde de vez. Pasaron vinte

⁴ Ramón Piñeiro: *Epistolario lugués. Cadernos Ramón Piñeiro XV*. Centro Ramón Piñeiro, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2010.

anos dende aquela outra carta pública, no *Grial* 3, ano 1952, na fase inicial da colección, con soamente catro números, cando Piñeiro lle fai as beiras ó de Mondoñedo, tentando atraelo á literatura en galego, trala longa espera da posguerra. En certa maneira, este desafío responde á inicial de Piñeiro *Carta a Álvaro Cunqueiro, trovador galego, falándolle dos males presentes de Europa e do seu remedio, dende a ladeira dun castro lugués*. Pero só en parte da extensa proclama⁵ do de Lánca. “Gratis et amore” afirma Cunqueiro en relación a “Galaxia”, “e sen percibir cáseque ningún pataco”. Nese “cáseque” matiza Álvaro a *parva pecunia* que logrou da editorial: “Eu quero que ó recibo do meu orixinal, trates cos teus amigos de Galaxia, e lles saques un mínimo de mil pesetas, e xírasmas telegráficamente. Isto é todo, e has facer en cumprir o meu pedido. Pensa que me é ben necesario, en un intre en que verdadeiramente me apura, e ises poucos cartos resólvenme máis que moitos en outra ocasión” (Carta a Del Riego, sen data, pero do ano 1954, no epistolario entre os dous). Mil “leandras” polo *Merlín e familia*. Creo recordar outra ocasión similar: “ó convalidarlle [a Alvarito] os estudos en Lugo, teño que pagar de novas cerca de dúas mil cincocentas pesetas. Eu necesito 1.500. Pódemas dar Galaxia —xa sei: ti, Xaime...— esta semán? [...] Irían en pago esas 1.500, dos Curadores [*Escola de menciñeiros*, 1960] e do Sinbad [*Se o vello Sinbad volvese ás illas*, 1961]. Non fai falla que seña máis longo contigo neste” (Carta a Del Riego, sen data, pero do 1959). Ningunha outra ocasión.

Cunqueiro é plenamente consciente —por patriotismo— “das miñas obrigas no que toca a Galicia”. Tamén do seu talento, que el sabe que o ten, de escritor: “algo que outros, que quizaves lle dan cousas millores, non lle poden dar iso que eu dou”. Consciente que o é —sen dicilo— que unha cousa é Galicia e outra “Galaxia”⁶. Pero nin unha nin outra dan para ir malamente vivindo. Tal o desafío, nesta carta a sí propio, por única vez.

⁵ Véxase o ensaio lúcido de Manuel Forcadela: *Diálogos na néboa: Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra. Cadernos Ramón Piñeiro VIII*. Centro Ramón Piñeiro, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2005.

⁶ “O noso querido amigo [D. García Sabell] tan lumioso e aberto sempre, equivocóuse, e isto é todo. Porque “a farta prosperidade espritoal” de “Galaxia”, “Grial”, “Penzol”, “Revista de Economía”, etc. non se debe a tres ou catro homes, senon, repito, a tres ou catro centos. Vel ehí tes, percisamente, a grande gloria disas obras; a de que, por primeira vez

Non ten desperdicio a aquiescencia final: **Ademais, ti non eres un mal confesor**].

acaso en Galicia, se teñan conxugado tantas boas vontades —cada unha no seu lugar, iso sí— pra unha tarefa de todos querida, por todos alentada. Porque hai que lla agradecer, 1º, ao fato de persoas que concebiron e crearon “Galaxia”; 2º, aos que aportaron aquiles primeiros cartos tan difíciles, suscribindo accións, sen pensar en beneficios materiais; 3º, aos que colaboraron e siguen colaborando cos seus traballos nas distintas publicacións (serán máis de un cento), moitas veces con pe forzado, sacrificando tempo ou roubándollo a actividades remuneradas; 4º, aos que fixeron suscriptores por unha teimosa labor persoal, falando cos amigos, escribíndolles, etc. Ista sí que é unha matización necesaria, e con ela abonda, porque xa é nidio coma a luz que a “farta prosperidade espritoal” en custión é a resultante de un farto traballo de moita xente, e nunca, así coma así, de media ducia de homes, por intelixentes, esforzados e sacrificados que eles señan.” (Carta de X. M. Álvarez Blázquez a Ramón Piñeiro, do 22-XII-1967, na *Correspondencia habida entre X.M. Álvarez Blázquez e Isidoro Millán González-Pardo. Cadernos Ramón Piñeiro XXI*. Centro Ramón Piñeiro, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2012, pp. 105-106).



Cartas

Carta de Salvatore Quasimodo

I

Milano, 12 novembre 1960
Corso Garibaldi 16

Caro Cunqueiro,

sono contento che dall'antica Lucus Augusti mi giungano le sue parole. Le polemiche italiane indicano lo stato di confusione politica e culturale in cui si trova buona parte dell'Europa; dirò meglio, delle ultime due teste di ponte: Francia e Italia. La poesia resiste; solo i letterati¹ e i potenti la temono.

Grazie, caro amico, e cordiali saluti dal suo

Salvatore Quasimodo*

[Carta mecanoscritta con signature autógrafa]

* A carta de Quasimodo ten por causa un artigo de Cunqueiro, publicado no xornal *El Progreso* de Lugo, no que o autor fai apaixonada defensa do poeta italiano. O alegato de Cunqueiro chegou a Eugenio Montes, que vivía en Roma, e dende alí, este, fíxollo chegar —daquela— ó recente premio Nobel, a Milán. Damos, tamén, o motivo da discordia, o poema-prego “Alla nuova luna”. Nesta ocasión don Álvaro non pode quedar calado porque non lle cabe o pan no corpo: “eu atopo a súa poesía moi libre, relixiosa e humana”. Mesmo despois da arremetida —*pro domo sua*— do voceiro vaticano, que se descalifica por si. O de Álvaro Cunqueiro é un acto de enorme valentía intelectual, contra quen cadre, en defensa da poesía e dos poetas. Valentía, polo de pronto, que máis sereno veríase precisado a matizar².

¹ O emprego de “letterati” é reticente, mesmo na tonalidade ironicamente marcada. Non é a primeira vez, nin será a última que se queiran deslindar poesía e literatura.

² E mesmo a desdecirse, apretado por algunhas instancias poderosas (“i potenti”).

Defensa de Quasimodo

“Gústame escribir unha breve defensa de Salvatore Quasimodo desde a miña provincia distante. Nunca lle chegará a Milán nova destas liñas. Estano a atacar en Italia, minimizándoo, despregándoo case. E todo por ter cantado ó “sputnik” soviético e non ó “pioneer” americano, téñeno xa por comprometido, agargalado co marxismo científico, e esquerdista de louca vaidade. Eu atopo a súa poesía moi libre, relixiosa e humana, e os intereses do home libre por riba de calesquera outros, e unha grande amizade coa natureza: bosques antigos, ríos, laxes, fontes, deuses, terras de pan e volcáns, e coa terra histórica súa, a Sicilia. “Isolano antico”, soña e lembra as orelas de “al di lá del faro”, e non é ese o único pouso no seu vaso: traduciu a Safo e Anacreonte, a Catulo e Virxilio. Tales flores gregas e latinas non se tocan impunemente; tales chamadas... O máis fácil é que lle colguen a un unha etiqueta calquera, e a Quasimodo colgáronlle varias. Finalmente rexéitanos como poeta críticos que pasan por solventes. A verdade sexa dita, eu non coñezo neste momento máis de tres críticos capaces de profetizar sobre o asunto: un quince por cento. Len moi ás présas, manexan excesivas fontes, e finalmente espántaos a moda, á que non resisten. E cálaos o partidismo político, sempre superficial. Eu, como non teño ningunha obriga crítica, non estou chamado a ser xuíz de nada, —non valería, a miña máxima obxectividade é o meu apaixonamento—, ando moi cómodo lendo a obra completa de Quasimodo, e sorpréndome. Saúdo a un alto poeta, dono dos seus medios de expresión ata o punto non facilmente acadable. Eu sei algo diso. Sei como foxen as palabras, e din pola súa conta moito máis do que un quixera, ou calan, subitamente xordas á luz, e a palabra que xurdía luminosa faise opaca ao lado da outra, que asoma morta, verme e non bolboreta. Pois ben, Quasimodo é case un domador. Arrebátaas, as palabras, e lévaas á claridade ou á sombra. É un gran señor delas”. [...]

Álvaro Cunqueiro, *El Progreso*, 18-IX-1960.
(Tradución do orixinal castelán)

ALLA NUOVA LUNA*

In principio Dio creò il cielo
e la terra, poi nel suo giorno
esatto mise i luminari in cielo
e al settimo giorno si riposò.

Dopo miliardi di anni l'uomo,
fatto a sua imagine e somiglianza,
senza mai riposare, con la sua
intelligenza laica,
senza timore, nel cielo sereno
d'una notte d'ottobre
mise altri luminari uguali
a quelli che giravano
dalla creazione del mondo. Amen.

Salvatore Quasimodo

Á LÚA NOVA

*Deus creou de primeiras ceo
e terra, e logo no seu día
preciso puxo no ceo os astros
e descansou o sétimo.*

*Sobre milleiros de anos, o home,
feito á imaxe súa e semellanza,
sen parar nunca, coa súa
intelixencia laica,
sen temor, no ceo sereno
dunha noite de outubro,
puxo outras luminarias semellantes
a aquelas que xiraban
desde a creación do mundo. Amén.*

(Tradución do editor)

[* É o poema inicial de *Domande e risposte*, parte que pertence a *LA TERRA IMPAREGLIABLE* (1955-1958)].

EL POETA ITALIANO SALVATORE QUASIMODO, PREMIO NOBEL DE LITERATURA. [Título, no *ABC*, do 23 de outubro do 1959]. [Subtítulo: (no mesmo xornal, e data) **Sarcástico comentario de “L’Osservatore Romano” sobre la personalidad del galardonado.** Ciudad del Vaticano 22].

L’Osservatore Romano publica un comentario poco halagüeño acerca de las obras del nuevo Premio Nobel de Literatura, Salvatore Quasimodo, a quien cita como poeta, pero entrecomillando la palabra.

El periódico reproduce una poesía que escribió Quasimodo con motivo del lanzamiento del “Sputnik” soviético; poema que suscitó severas críticas por parte de los círculos católicos.

“Tiene una original peculiaridad de estilo, que permite que su trascendental pensamiento pueda transcribirse lo mismo ininterrumpidamente como prosa, que cortando los renglones en mitades o en cuartas partes, para hacer una oda”.

El editorial del órgano vaticano, que constituye una crítica indirecta, recuerda una observación de Quasimodo en unas declaraciones ante la televisión: la de que el secreto de su poesía acaso esté en su facultad de penetrar en lo más profundo de todas las conciencias con simples palabras.

“Así —continúa L’Osservatore— no ha podido dejar de pensar de esa manera frente a uno de los acontecimientos que más profundamente conmovieron al mundo: el lanzamiento del primer “Sputnik” en octubre de 1957”. “E igualmente creemos —añade con sarcasmo— que la Academia que le ha otorgado el premio, y todo el mundo literario europeo ve en su homenaje a esa maravillosa conquista del atrevimiento humano la más típica, genuina y elevada expresión del poeta”. Efe.

O editorialista, que non chegou a bacharel, de poesía non sabe, fai patente o territorio mental que o xornal oficial representa. Nada lle doe deixar en peñor a orixinalidade de estilo do poeta que lle permite —segundo o voceiro de *L’Osservatore Romano*— escribir en verso o que parece prosa “cortando los renglones en mitades o en cuartas partes, para hacer una oda”. Crítica —por chamarlle algo— poética da guerra fría que confunde o que é canción petrarquista, con versos ben medidos (11+7) e regrados na mellor tradición de sete séculos. Aviados andamos. Amén³.

³ Téñase en conta que, cada pouco, Cunqueiro recibía en Mondoñedo envíos de revistas literarias italianas que lle mandaba Eugenio Montes dende Roma. Considérese tamén que a revista *Escorial* da que foi asiduo lector, prestoulle á poesía hermética (e non tanto) especial atención. Véxase Ángel L. Prieto de Paula, “La poesía en *Escorial*: construcción ideológica de un canon literario”, in *Poesía: textos y contextos*. Editorial Agua Clara. Ali-cante. 2012. Pp. 147-178.

Carta de Fernando Alonso Amat¹

II

Vigo, 1º de abril de 1961

Querido Álvaro:

Acabo de recibir una carta de Don Enrique Canito, director de “INSULA” en la que dice que ha enviado a la imprenta, a Compostela, mi artículo sobre “Las mocedades de Ulises”; me figuro que aparecerá en el próximo número de la revista. Te ruego que recuerdes a la editorial Argos que les remita un ejemplar de la obra, pues parece una obligada cortesía; además, tengo sumo interés en que estos señores de Insula conozcan tu libro, por lo que que, si la editorial no se lo pudiera enviar, deberías hacérmelo saber para regalárselo yo.

No he recibido el texto del “HAMLET”; Cribeiro² está muy ilusionado con dirigir una nueva versión que puede ser muy interesante.

Confío en estar en Lugo el día 16 para acompañarte en esa merecida fiesta; bien sabes lo profundamente que aprecio tu amistad y cómo procuro que mis propios hijos la compartan para que en un lejano futuro sientan el orgullo de haber sido tus amigos.

Hasta muy pronto, te abraza cordialmente

¹ Escritor e facendista.

² Xosé Alexandre Cribeiro, poeta e cineasta pontevedrés.

Cartas de Emilio Álvarez Blázquez

III

Vigo

Día de la Candelaria [2 de febreiro], de 1959.

Querido Alvarito poeta:

Recibí a lo largo del mes de enero, que acaba de fenecer, diversa muestra de tu afecto: ya en forma de carta o de telegrama; ya en forma de artículo en “La Voz de Galicia”, donde me citas como docto en mirlerías¹, ya en forma de telepatías tuyas que me llegan, diciéndome que me recuerdas, que me quieres. A todo ello correspondí, como ves, con holgado silencio. Perdón por ello. Las cosas estuvieron complicadas para mí últimamente, muy complicadas de verdad. Bien la salud, gracias a Dios, si no hago cuestión de un dolor a la espalda que me ataca, principalmente, a la hora serotina² (¡Qué bella palabra arrancaste del “Victorial” de Pero Niño!). Un dolor que tengo desde niño, y que antaño se curaba con mimos maternos. Ocurrieron, como te decía diversas cosas que me alteraron. Por razones de trabajo, tuve en estos últimos tiempos que viajar con mucha frecuencia a Pontevedra, en cuya capital reside el Secretario de la Junta de Gobierno del Colegio Farmacéutico, con quien he de despachar. Este señor se puso repentinamente enfermo de gravedad, y ello me obligó a más estancias pontevedresas de las que solía. También fui a Tuy: allí falleció, de modo casi súbito, un hermano, el único varón, de mi cuñada Carmiña. Era un hombre bueno y muy querido de todos. Su muerte me afectó.

En medio de estas tan poco gratas cosas, recibí una noticia que espero que sea buena. Me nombraron corresponsal o delegado para Vigo del “Banco de Galicia” del Uruguay, con perspectivas a las que fío buen porvenir.

¹ Tal como aparece o autor no *Teatro venatorio y coquinario gallego*. Bachiller en mirlología y canto de jardín, por la Academia Tudense. Amais do *epílogo galeato* que aparece na obra. Galeato, DRAE, s.v. ‘aplicase al prólogo o proemio de una obra que la defiende de los reparos y objeciones que se le han puesto o se le pueden poner’. Por iso mesmo debería ir no lugar do prólogo e non no epílogo.

² Por serótina

Me llegaron ya los primeros trabajos y gestiones, y hube de atenderlos de modo diligente para corresponder a la confianza.

Con cuanto antecede, intento presentar mis excusas por mi largo silencio. Sabes cuánto te quiero y cuánto disfruto sabiendo que tú me tienes en la nómina de tus amigos buenos. Por eso me agradó tanto recibir tu telegrama de queja, y por eso me alegra saber que en carta a Ferreiro afeas este, de verdad, feo callar mío. El cual no es, tú lo sabes, mengua del alma amistosa, sino trabajos, tribulaciones y una cierta melancolía que por veces me prende y maniata. Perdóname, Álvaro, y como decía un paisano mío, ex futbolista del “Racing Tudense”, que hoy vive en las Canarias, “recíbeme en tu seno”.

Aquí hoy hace viento, viento frío y triste. Está frío el mar, frío el paisaje y fría la afición celtista, a la que sacuden ya irremediadamente los fríos vientos de la 2ª División, desconsuelo que Crusat³ y yo lloramos juntos, a los acompasados sonos del llanto de los cronistas deportivos.

Alberto Casal, que no es celtista, pero que es tan grande amigo nuestro, de resultas de un requerimiento que hubo de efectuarle a Nanuco, estupenda promesa en el puesto de extremo derecho, agarró en Balaídos una bronquitis y agudizó su colitis, sacrificio que si el llorado “Handicap”⁴ conociera, podría dar lugar a una soberbia e inmortal frase en forma de “ráfaga”. Pero ni “Zaguero” ni Varela, están a la altura de aquella facundia de antaño.

La verdad, fútbol aparte, es que Alberto Casal tose y se queja de “cámaras”. Alberto Casal, enamorado de todas pero sólo de Marité, necesita de tu venida, de tu aliento, de tu cordial presencia. Y nosotros también.

³ Antonio Crusat Pardiñas, que desde 1958 preside unha comisión xestora do Celta de Vigo.

⁴ “Hándicap”, “Zaguero” e Varela, redactores do *Faro*, na sección de deportes. O pseudónimo “Hándicap” pertence ó periodista Manuel de Castro, que escribía no *Faro de Vigo*, na sección “Notas deportivas”, unhas célebres “ráfagas” ocorrentes e mordaces. Sostivo sonadas polémicas con “Marathón”, este da *La Voz de Galicia*, na dialéctica sabida Vigo-A Coruña. Este último pseudónimo ocultaba a José Luís Bugallal Marchesi, académico da RAG, pero capaz tamén de crónicas desenfadadas e donosas.

Del “Teatro Venatorio y Coquinario”⁵ llegó ya la autorización de la censura, dato éste muy importante y que tenía a los editores un tanto inquietos al difundirse el libro. ¿Leíste en “La Noche” un artículo sobre el susodicho “Teatro”, firmado por un tal Salvador Lorenzana de nuestra devoción?. Si así no fuera, dímelo para buscarlo y enviártelo. El libro es bello, a mí me parece. Lo leo, es decir, lo releo con alma y con frecuencia. Creo que quedará su prosa y que será apreciada la tarea editorial. Los editores aguardan el feliz día en que tú vengas a Vigo, para una xuntanza de cuantos intervinieron en el libro, en cuyo momento los autores, previo discreto anuncio del acto, firmarán los libros. Y todo será alegre como la primavera que se espera para después de los fríos. Dinos, pues, algo de tu venida, siempre, ya sabes, esperada.

Prego estuvo estos días aquí. Trajo abundante y hermosa carga de su pintura, y recibió recado de Pepito Castroviejo de preparar las ilustraciones para un libro de aparecimientos, Editorial Porto. Volverá pronto Prego, el cual acaba de decorar la Aduana de Feces, cerca de Verín, frente a Chaves portugués. Pretendió llevarse a “Numa” el fiel, pero tuvo dolor del dolor de Carlos [Casal]: el propio animal quedó agradecido de ser, de ahora para siempre, un vigués más. Carlos antes citado, anda estos días por Becerreá, donde es seguro que hace frío matinal y serotino.

⁵ *Teatro venatorio y coquinario gallego*. Vigo 1958. Ediciones Monterrey. Talleres Faro de Vigo. Día de San Martín de 1958. En 4º maior de 104 páxs. (texto de Castroviejo) + 60 páxs. (texto de Cunqueiro) + 11 páxs. (texto de E. Álvarez Blázquez) + v. en bl. + 2 f. de colofón + tapas cartulina. Tirada de 540 exemplares numerados; 40 especiais (20 x 28,5 cms.) coloreados a man e 500 correntes (17,5 x 25 cms.) en papel rexistro ahosado (*sic*, por aosado) Torras. Non ten adic. Cont: Arte de la caza contraída a las varias especies venatorias así de pelo como de pluma que se crían o avecindan en el antiguo Reino de Galicia, por J. M. Castroviejo; Arte de cocina, referida a las susodichas especies, según los usos habidos en el expresado Reino como más deleitables al buen gusto del paladar, por Álvaro Cunqueiro y Mora Montenegro, Graduado en Ars cisoria civil y canónica por la Universidad Mindoniense, individuo de varias cocinas extranjeras; Epílogo galeato por Emilio Álvarez Blázquez; Obra enriquecida con 11 hermosas xilografías abiertas en boj expresamente para ella por E. C. Ricart. [NOTA BENE: de agora en diante, cando se trate de descrições de libros de Cunqueiro, seguimos a BIBLIOGRAFÍA de Antonio Odriozola, que se pode consultar en *Grial*, 72, do 1981, pp. 235-260].

La familia periodística celebró su misa y su ágape de patrono, San Francisco de Sales. Yo fui a mi misa y asistí al ágape en su parte final: el café y los discursos. Dije el mío, breve pero necesario: pedí para nosotros (pues se habló del carnet profesional) el carnet de intruso, con foto, huella digital y demás garantías. Veremos que resuelve la superioridad. Concluida la comida, Fray José López Ortiz, Obispo de Vigo⁶, según dicen en Tuy, bendijo los locales, Marqués de Valladares, 29-1º, sede de la Asociación de la Prensa, con oficina especial y blindada para la Junta de Mandos, Secretario Larrañaga.

Todo lo demás va bien. Padín, Bene y el Camborio toman sus tazas en Eligio⁷. En el “Cocorocó” se habla de fútbol; Paco del Riego, conocido también por Parra Fernández, —cariñosamente Parrita— pierde con contumacia a la escoba, pero no se entrega. Mi hermano José M.^a, desde los romanos acá, no deja piedra sobre piedra; Carlitos Otero, alias “Picariño”, especialista en cien metros lisos corridos de espaldas, escribe sus artículos sobre economía y alaba la repoblación forestal; Pepito Castroviejo se lava ahora las manos en el despacho provisional de Leal Insua, tarea por la cual viene de Tirán todas las tardes; Don Aníbal⁸ está triste, preocupado e inquieto extraoficialmente: oficialmente no sabe nada; Xesús prepara para el lunes una “leria” muy intencionada sobre el reloj de la Caja de Ahorros... Todo va, como te decía, bien. El problema del Mercado Común Europeo y la convertibilidad de la peseta, es aparte.

Tu invitación de unas vacaciones ahí, sabes que de verdad me encuentra, como quien dice, unánimemente dispuesto. Ya lo creo que me agrada compartir tu mesa, tu habitación, tu Mondoñedo con Efrén, con Mourelle. Si los trabajos me son propicios, ahí estaré en la fecha que acordemos.

⁶ Na realidade era bispo de Tui, aínda que a maior parte do tempo pasábao en Vigo. De aí que os tudenses, como era o autor da carta, dixeran que era bispo de Vigo. Por estas viaxes e por outras, deron en chamarlle, *sit venia verbo*, “Pepe el turista”. Menos mal que despois a diócese pasou a ser Tui-Vigo.

⁷ Reconocida taberna do centro da cidade onde “taceaban” os amigos de Álvaro, que aquí aparecen con nomes, alcumes e manías.

⁸ Aníbal Santana, que exercera de cónsul de Cuba en Vigo, até a Revolución.

Tu propuesta comercial sobre navajas, aceptada. Díselo así a Nuco tu pariente, del que me das la alegre noticia de que es radical y putero. Gentes así siempre necesitó la nación. Que me envíe el pedido mínimo, pues se trata de una experiencia: 4 docenas surtidas. Si la cosa va saliendo, encargaría más.

Puede, si quiere, realizar el envío por correo contra reembolso, o en la forma que estime más conveniente.

Don Álvaro: nada más hoy. Perdona todas las faltas, que han sido muchas. Te escribiré más otro día, y cierro hoy anunciándote que Crusat me encarga te haga saber que en esa zona eres tu el Delegado del Celta para cuanto gustes mandar; que tus deseos y compromisos los cumplirá con el mayor agrado, cosa que me parece bien, pues yo haría otro tanto de ocupar su cargo.

Saludos a todos los buenos amigos de ahí. Un fuerte abrazo.

Emilio

[P.D.] Como ves tengo ahora papel timbrado. Lo acabo de recibir, y quedó inaugurado el pliego y el sobre (tipo americano) con esta carta, tan demorada. Adiós.

IV

[Vigo]
15-2-59

Sr. Don Álvaro Cunqueiro
Mondoñedo

Querido D. Alvarito:

Creo yo que p.^a (1) que recibas el primer ejemplar del “Hamlet” faltan solo horas. Viñas me dijo anoche que hoy terminaría de armar dos ejemplares, que se los llevaría al Breogán Paco, uno p.^a el Breogán mismo —que siempre tiene que ser el primero— y otro para ti. Acabo de llamar a Paco, y aún no recibió los ejemplares, pero imagino que los recibirá hoy mismo. Albricias, pues. Yo estoy deseando leerlo, pues solo lo conozco a través de tu lectura, buena eso sí, pero más me gusta el libro en la mano.

La casa y la cocina siguen gustando lo suyo. Me habló ayer con pasión del tal libro, del que adquirió en “Letras” dos ejemplares p.^a compromisos madrileños, Fernando Alonso Amat. A mí me gusta ver el libro de vez en cuando, sobre todo por la tarde. Aquí hace —ahí hará también— un hermoso tiempo para enamorar. Te escribo desde el Bar Cantábrico, frente pues a los geranios de D. Geranio Campos. Son las doce de la mañana y tomo café cortado, malo el café, pero bueno el sol, buena la mañana y buena la intención de decirte que siempre te recuerdo, que somos amigos siempre.

Celebro el triunfo de la ganadería de Mondoñedo. De toros bravos gallegos sólo tenía yo noticia de las reses del Marquesito de Cambados, concebidas con pecado bajo las cepas de Fefiñanes.

El papel timbrado que compusiste en un instante es tierno y verdadero. Era hora ya de que, jurídicamente, funcionara la liga de los alegres enemigos, y sobre todo hacía falta ese grito, que puede ser salvador de ¡abajo los pipís pequeños!¹ Ahora, a esperar.

¹ Fai referencia a un célebre escarnio daqueles anos entre dous ben coñecidos escritores, que figuran neste epistolario.

Don Alberto tiene ya el coche en sus manos y practica el volante nocturno, con escalas en el Castro, Castrelos y la Guía, accidentes geográficos de su devoción. Realizó además un viaje relámpago, el pasado domingo a Becerreá. Está bien de salud, creo yo, aunque hace holgadas estancias en la cama, a cuyo calor se acoge para firmar testamentos e hipotecas.

La ciudad sigue aún conmovida por la presencia de Moure Mariño. El ilustre cronista deportivo “Zaguero” pudo haber hecho su frase, parodia de soflamas antiguas: “Por los campos de Vigo pasó una rafaga² económica”. Si viviera Handicap³, no se hubiera perdido tal oportunidad.

¿Cuándo vienes? El otro día tuvimos una espléndida comida ofrecida por Carlos Casal y Ferreiro, con varios mortales de Becerreá y Celanova, respectivamente, adornados de grelos. Asistieron: Breogán, su hermano Joaquín, Bene, su hermano Xesús, Luciano Barreiro, Picariño, mi hermano José M.^a, yo, amén de Carlos y Ferreiro. Lo pasamos muy bien, y te recordamos con ternura. Bene leyó, Xesús dibujó una “leria”...

Un abrazo, D. Álvaro, de

Emilio

(1) p.^a = para

² Así no texto. Hai un xogo de palabras, que podería incluír a garrafa. Así, cando por unha porta semiaberta se coa unha ráfaga de vento, o listo do lugar pode dicir que se coou unha garrafa de vento. (Prevaricación lingüística).

³ “Handicap” pola súa inveterada chispa e facundia.

Cartas de Alejandro Armesto

V

[Lugo] 16 de Mayo de 1959

Dear Mr. Cunqueiro:

Acabo de enviar eso a “Arriba”. Llegará mañana y espero que lo publiquen el domingo en las páginas literarias. Eso le digo a Cebrián. Me gustó enormemente el “Hamlet” y lamento haberte pedido esas notas porque lo hubiera hecho a mi modo. Así me limité a reproducirte aunque la colaboración la cobraré yo, claro. La carne es débil. En compensación te haré una gran propaganda oral, que hoy comencé ya en el café. Le acabo de dar el libro —que me regaló Trapero— a Gallego Tato¹ y le he dicho que ya que no otra cosa, aprenda, por lo menos, técnica teatral. Porque hasta en eso, en la gradación de las escenas, en como va subiendo la tensión de la tragedia se ve que eres un tío muy grande. El final es de mucho carajo, tan solemne y cojonudo. No estoy de acuerdo con eso de los espartos², pero lo puse en “Arriba” porque tú lo querías. A mi el acento me recordó las “Comedias Bárbaras” —dos grandes escritores, hay que decir ahora, Valle y Cunqueiro—, pero no lo puse por si te parecía mal, que creo que no, pero Trapero ya sabes como es.

Bueno, señor, ha escrito usted una obra de mucho cuidado, que me ha sabido a poco. Le abrazo a usted con una emoción que no se puede imaginar. Lo digo más serio que Dios.

Armesto

[Nota: Carta con cabeceira que di: “El Progreso. Diario fundado en 1908. José A. Primo de Rivera, 12, Lugo”].

¹ Juan María Gallego Tato, xornalista lugués e dramaturgo, por veces.

² Referencia no *Hamlet* verbo da consistencia dos mellores espartos para aforcar un home. Recórdese que o propio príncipe fai un lazo, pono no pescozo e déixase caer do outro lado das ameas, na escena IX.

VI

Lugo, 10 de Enero de 1960

Querido Álvaro:

Me parece —con permiso del Sr. Gallego Lumumba¹, que no tiene tiempo más que para admirar su redondo ombligo y acaso un poquito del Sr. Fole², en quien la cosa es más disculpable por los bandazos que de cuando en cuando sufre—; me parece que si alguien merece en este puñetero país nuestro un homenaje, ese alguien eres tú (esto parece un fox lento). Tu labor en el año recién ido es, sencillamente, prodigiosa. Y a mí y a tus amigos nos gustaría proclamarla como Dios manda: comiendo y bebiendo, bajo tu cordial presidencia. He pensado, pues, hacer un llamamiento para dedicarte un homenaje. Podía ser así:

1.º El Ayuntamiento de Lugo se sumaría poniendo la placa de Esquíu en la Puerta de Santiago. Este acto se podía celebrar un domingo a las 12 con banda municipal, corporación bajo mazas y tal y cual.

2.º A las dos y media, en el Méndez, comida homenaje con entrega de un recuerdo —una pluma estilográfica con una plaquita de tus amigos; o un libro tuyo encuadernado lujosamente con cantoneras de oro; ya se vería—. A este homenaje, estoy seguro, se sumarían muchísimas gentes y vendrían de toda Galicia.

Puede ser también otro programa. Esto tendremos tiempo a perfilarlo. Yo lo que quiero hacerte saber ahora es la idea y solicitar tu permiso para iniciar las gestiones con el ayuntamiento y preparar todas las cosas. Espero, pues, tu contestación. También puedes sugerir otras cosas, si te parece. De esto no he hablado más que con Trapero a quien, como ya te supones, le parece la cosa estupenda. Dime también que fecha te parece más indicada.

¹ Parece corresponder a un apelativo pouco piadoso aplicado a Gallego Tato.

² Ánxel Fole.

El jueves publicaremos la crítica del Ulises, yo quería darla un día de ocho páginas, pero esta semana no las daremos hasta el sábado y Trapero no quiere que se le adelanten en la crítica por ahí.

Contesta cuanto antes, porque en la próxima semana tengo que ir cuatro días a Madrid y ya quisiera dejar perfilado algo. Por cierto ¿te olvidaste de preguntar la dirección de Bardem?

Saludos historiados al Pallarego³. Un fuerte abrazo,

Armesto

³ Amigo mindoniense de Cunqueiro, pero tamén barbeiro e músico. Do seu nome, Manuel Ledo Bermúdez.

VII

(Sen data)

Querido Álvaro:

Todo bien respecto al homenaje. Han comenzado ha (*sic*) venderse las tarjetas. La placa se está haciendo. Ya he hablado con el obrero que va a grabar la piedra de la muralla. Todo dispuesto y docenas de adhesiones y notas en todos los periódicos todos los días. Te guardo todo en una carpetita. En lo del homenaje viento en popa.

Pero hoy te escribo para otra cosa. Son las cinco de la madrugada y acabo de confeccionar el periódico del domingo. En él van las respuestas de Celestino¹. Cuando recibas esta carta supongo que ya las habrás leído. He discutido con él hasta rozar el crimen. Le he llamado retrasado mental, deshonesto, despiadado cabrón y yo que sé cuantas cosas. Le he dicho que ese ataque rebajaba, si alguna tenía, su categoría intelectual. Esta tarde, con Trapero a mi lado, hemos cambiado el tono y le hemos pedido por favor que retirase los nombres, que ya la cosa era bastante desgraciada y derrotista, pero no ha querido. Yo era partidario de tirarla, aunque se la habíamos pedido; pero D. Puro², con un criterio muy democrático, que no se debe sostener con los cabrones, ha dicho que pues que le había solicitado la opinión que la diese. En fin, me parece que ha sacado los pies del tiesto y que su respuesta sólo creará enconos y daños. Te digo todo esto porque la tuya aún está sin hacer y si quieres, le puedes añadir un párrafo que lo triture. A Fole, claro, le parece la respuesta más lograda y dice que ha sido inspirada por el Espíritu Santo. Lástima que una encuesta que iba tan bien se tuerza tan lamentablemente. Un abrazo.

Armesto

¹ Celestino Fernández de la Vega.

² Don Purificación de Cora, chamado sempre Don Puro.

Carta de Blanco Amor¹

VIII

[Bayona do Miñor] 30 julio 1949

Álvaro: Te escribo junto al mar, casi entre sus espumas, en música gozosa que me envuelve en una eterna variación; mientras el sol se pone. En seguida, al anochecer, me bañaré y nadaré entre las rocas, sobre ese abismo impreciso de luz verde entre tinieblas.

Cuando venía, pensaba en mí. Y en ti. Los dos estamos solos —tú más que yo— interiormente y yo aún lo estaré más, como si en mi soledad cada vez más perfecta fuese a encontrar aquello que mi alma anhela y que la vida reiteradamente nos negó: amor, permanencia..., que sé yo, acaso una luz —una llama, dices tú, mejor— apretada a nuestros labios que no anhelarían nada más que un contacto glorioso, su quemante beso.

En esta soledad del ser quiero sumergirme. Acaso nada halle sino las noches embriagadoras, con los largos silencios de las estrellas, y en mi corazón no encuentre la paz, sino un sufrimiento más íntimo, más doloroso.

Tú no sabes lo que este año, que ahora en el estío cumple, ha significado para mí. Sencillamente, he conocido los dos sentimientos —las dos pasiones, mejor— que más agitadamente conmueven el alma del hombre, la elevan y exaltan para dejarla trémula e insaciada en su única soledad: el amor y la amistad. El fracaso de estos dos sentimientos, después de su más cumplida culminación, no es precisamente un gran consuelo, ni da una especial confianza en esa zona viva de ardientes delicias que tan dócil es al tacto de la mano, tan espléndidamente fantástica, para negarse después, casi sin transición, como si en esta súbita negativa residiese un encanto y

¹ Unha glosa desta carta, co manuscrito e transcripción, fíxoala o editor en *A Trabe de Ouro*, 91, Tomo III. Ano XXIII. / 2012. Xullo. Agosto. Setembro, “As brasas de antigos incendios: Unha carta única de Eduardo Blanco Amor a Álvaro Cunqueiro”, pp. 405-14. Esta mesma carta fai cabeceira á miña *Introdución a Saiban cantos estas cartas viren... Álvaro Cunqueiro e Alberto Casal (1955-1961)*. *Cadernos Ramón Piñeiro* XXIII. Centro Ramón Piñeiro, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2012.

un placer venenoso en su finitud. Seguramente soy un pagano innato, y el pagano no olvida, no cambia, permanece.

Sé que fui objeto de amor y que fui amado. Esos dos seres divinos me tuvieron en su pecho, y he acunado sus noches con suaves delirios y plasmé cerca de sus sienes la más hermosa canción que los labios humanos han musitado. Tiemblo porque en mi alma —crédula y demasiado amante— se filtra ese amargo sabor de lo muerto, la palidez escéptica de lo efímero, y que nada quede de aquel jardín que temblaba al roce de la brisa como una palma joven y libre.

Seguramente, comprendes mi amargura y mi excitada curiosidad ante tremendo arcano que es el corazón del hombre. Yo no sé por qué se ha de cambiar, por qué se necesitarán siempre incesantemente más rosas nuevas, sangre nueva y ardiente, mientras se queman las brasas de los viejos incendios que consumieron nuestra alma. Es cierto, me dirás: siempre es así, eso es la vida, no siempre suceden las cosas de otro modo y raramente hallaremos un ser cuya frescura nos anegue siempre, cuyos labios jamás dejen de besarnos. Muchos, ante la esquivez de las cosas, ante su duro y frío existir, ya no quieren amar más. Pero ¿pueden decirte que viven, siempre en estado de defensa o tan fríos, tan cáusticos por la vida y sus zarpazos que parecen no tener corazón?

No creas que siempre, al lado del mar, estoy tan melancólico. Mañana estaré mucho mejor y llegaré hasta sus olas matinales con otra esperanza, con renacida ilusión y acaso, como decía Nietzsche, con los pies ágiles para la danza.

Ayer tuve tu carta, que he traído conmigo. Has hecho muy bien en no enviar nada a Pontevedra. Es poco serio enrolarse en una bandera pirata. Está bien ser pirata, ser más fuerte que los demás, pero no hace falta agruparse o vanagloriarse.

Tienes, sobre poesía, una intuición clara y transida de verdad, que me emociona. Cada vez que me hablas de tus encuentros, tus choques, con el fuego de la vida, tus buceos en su misterioso reino, brilla más el resplandor de tus manos, como si ciertamente llevaras un destello de su luz o una brasa cegadora, un minúsculo eslabón de esos que enlazan las estrellas. Tu

conciencia es vigilante y seria. Eso es lo más conmovedor de ti y no podía menos de ser de este modo.

A veces llegas con el corazón desgarrado, abierto al dolor, hastiado de tu soledad, de tu silenciosa adoración. Te mantiene, próximo a “ella”, la fé y la seguridad de que esa mujer te pertenece, y no solo exteriormente —ya ves cuán efímero es todo vínculo externo en que pretendamos fundar nuestra felicidad: tiene la misma validez que los juramentos de amor de la adolescencia y a veces la misma duración—. Yo creo que si no tuvieses la certeza de que es tuya, nada esperarías ya y no te entregarías a esa inquietud que la llevará a tus brazos.

Por lo menos, éso es lo que deseo. Pasan los meses, es cierto, y nada varía en apariencia, pero no será así. Algo nos aproximará, no lo dudes, y todo este dolor de ahora te parecerá un mal sueño.

Adios, Álvaro. Escíbeme mucho, más largamente; déjate derramar con toda esa sinceridad de tu alma, en el papel. Bebe claro albariño, mientras en silencio me escribes como si me hablastes, lo mismo que si a tu lado calladamente te oyera.

Adios. Te espero. Un abrazo

Eduardo

Carta de Paulina Botella
[Bibliotecaria de Manuel Halcón]
IX

Madrid, 12 de Mayo de 1959

Sr. D. Alvaro Cunqueiro

Muy Sr. mío:

Tengo a mi cuidado la biblioteca de Don Manuel Halcón y acabo de hacerle la ficha a su libro “Las crónicas del Sochantre” que nos llega enviado directamente por la editorial AHR. Al ir a colocarlo junto a los otros suyos, Don Manuel lo tomó, buscó la dedicatoria y al notar que faltaba por primera vez, dijo: “No importa, aunque no venga dedicado he de leerlo. Para mí son joyas los libros de este autor”. En consecuencia debo pedirle a usted se tome la molestia de indicarme qué pasaje del libro le gustaría que reprodujésemos en “Semana” en la sección literaria “El autor elige su página”. En el caso presente, la página pueden ser dos o lo que crea necesario para que el texto tenga unidad.

En espera de sus noticias y rogándole envíe al mismo tiempo una fotografía de carnet, le saluda atentamente

Paulina Botella

P/S. La contestación puede enviármela a “Semana”. Paseo de Onésimo Redondo, 26.

Después de escrita esta carta me habló Don Manuel de la gran estima en que tiene su amistad y su obra. No le extrañe pues el tono que he empleado.

Paulina Botella

Carta de Ricardo Carballo Calero

X

UNIVERSIDAD DE SANTIAGO
FACULTAD DE FILOSOFÍA Y LETRAS
INSTITUTO DE LA LENGUA GALLEGA
[cabeceira]

Sr. D. Álvaro Cunqueiro
Vigo

5 xaneiro 1972

Querido amigo:

Aqueles tipos que andaban de vagar polos peiraos do Pireo, e que Teofrasto, o aristotélico, platónicamente nos deixou perfilados; e aqueles outros, se cadra en parte os mesmos, que M. de La Bruyère coñeceu e tratou polas escalinatas de Versailles e entre as murtas dispostas por Le Nôtre, e cujos fasquíos nos trazou tecendo os fíos da súa prosa, han contemplar no mundo intemporal da gloria literaria, con sorpresa e ledicia, a chegada ao seu mundo desta xente de aquí e de acolá, que un Teofrasto de hoxe, que un La Bruyère de Galicia, agora tan propiamente, tan inxela e sabidamente, retrata e estiliza, describe e transfigura. Labradores e artesáns de terras de Lugo os máis deles, ben afincados na realidade, aconsellados por Pepe Benito¹, pero ocultamente encirrados a voar sobre a lama dos camiños depondorados de paraugas máxicos polo seu difunto veciño o señor Merlín, que demorou en Miranda, estes homiños, estes caracteres nosos, persoaxes tallados por Álvaro Menandro, por Álvaro Molière para a humana comedia galega, tan reais e tan fantásticos, tan humildes e tan nobres, han formar unha galería de heróis do noso pobo, como os que latrican nos “Cantares” ou profundan nas “Cousas”. Moita verdade hai neles, e moito misterio, moita escintilante ledicia e moita malencónica desesperanza. ¿Cántos anos, cuántos séculos de choiva, e bulleiro, e pobreza, e sufrimento foron necesarios para decantar esta fina, e luida, e disimulada, e oblicua e delicada, e doente, e anxélica hoste; esta santa, e ascética, e traballada, e esquiva e mui decorosa compañía que entre nós vivía, e a todos nos acoraba, e que ti, Álvaro, sublimas revelándonola,

¹ Cacique electoral en Lugo, cáseque omnímodo.

coa ternura precisa, coa ouxetividade lídima, para nos facer craros a nós mesmos, e curarnos se cadra da nosa paixón poñendo en craro os nosos soños?

Eu sempre atafegado, agora, despóis da serodia lectura do teu libro, envíoches unha aperta, e as gracias pola adicatoria que a túa man de amigo escribiu no meu exemplar².

Ricardo [Carballo Calero], *nome autógrafa*

Carta de José Carlos Casal Rivas

² Aínda que don Ricardo non cita o título do libro estaríase a referir a *Xente de aquí e de acolá*, con indicacións diáfanas. *Xente de aquí e de acolá*. Vigo 1971. Editorial Galaxia. No obradoiro de *Faro de Vigo*. 31 agosto 1971. En 8º 180 páx.s + 1 f. en bl. + 1 f. de colofón + tapas cartulina con fotografía en color. Adic: Aos meus amigos Antonio Odriozola e Francisco F. del Riego. Cont: Carta que o autor mandou ao Dr. Domingo García-Sabell cando ordeaba este libro; 49 semblanzas.

XI

[Vigo] 17 marzo 1959

Sr. D. Álvaro Cunqueiro
Mondoñedo

Querido Alvaríño:

Mauricio Loureiro es portador del café que me has encargado. También te dirá que esperamos tu visita. Hace mucho tiempo que no te dignas venir a Vigo, donde, como de sobras sabes, te queremos. A ver si te decides y apareces pronto por aquí. El tiempo primaveral hace más agradable esta ciudad.

Recibí —hace ya meses— tu envío de coplas. Son perfectas. Emilio¹ se empeña en lograr que se las ceda para engrosar una estupenda colección que poseen los hermanos Álvarez Blázquez.

Hace unas horas supe que, en Becerreá, días atrás, se celebró un homenaje a Lobo². Al parecer la adhesión costaba 650 ptas. Esa cuota parece disparatada. Espero que no hayas tomado parte en tal acto aunque, al parecer, habían pensado en “invitarte”.

Alberto se fue hoy a Valle Miñor, a compartir un yantar con Joaquín, Viana, Luciano Barreiro y otros. Es de temer que decida volver a la cama donde permaneció unos 20 días, con el pretexto de una gripe benigna.

En todo momento te recordamos y deseamos tu pronta visita. Anímate y trasladate a Vigo. Bene³, Xesús, Emilio, Paco, Celso-Emilio, Alberto, yo, etc. etc., te esperamos.

Un fuerte abrazo

Carlos

¹ Emilio Álvarez Blázquez.

² Constantino Lobo Montero.

³ Benedicto Conde, e demais amigos.

Carta de Plácido Castro¹

XII

Cambados, 22-7-1959

Sr. Don Álvaro Cunqueiro
Mondoñedo

Querido amigo:

Unhas liñas pra agradecer, primeiro, a túa amable mención do meu “Omar Khayyam” galego. Estou xústante nestes días dándolle os últimos toques aos versos e ao prólogo antes de levalo a Vigo.

Ao lêr a túa nota no “Faro” reparéi en que lle asignas o xénero feminino á verba “rubaiyat”². ¿Tes algunha razón especial pra elo? O inglés, naturalmente, non dá indicación ningunha sobre esto. Eu escollín o masculino, non sei por qué. Ti secáis optases pol-o feminino por asociación con “cuartetos” ou “estrofas”. ¿Ou é que o derivaste de algún libro sobre Omar nunha língoa que ten xéneros para total-as cousas?. Agradeceríache que me informases sobre o asunto.

A máisima autoridade sobre Omar e “os” ou “as” “Rubaiyat” é o Profesor A. J. Arberry, que xa lle ten adicado tres volumes. O último deles, que teño eiquí, é “The Romance of the Rubaiyat”, publicado hai poucos meses, neste ano en que (...) a publicación da versión de Fitzgerald hai un século. Entre outras cousas trae o libro unha tradución directa de total-as cuartetos que utilizou Fitzgerald na súa primeira versión. Considéranse as traducións de Arberry como definitivas, no senso lingüístico, e absolutamente literales, cousa que según él non se pode decir das que fixeron outros denantes.

¹ Plácido Ramón Castro del Río, tradutor e catedrático.

² Ten razón Cunqueiro respecto do xénero feminino de *rubaiyat*, tal como reflicte, logo, o tradutor na trasfega. Plácido R. Castro: “As Rubáiyát de Omar Kayyam”, *Grial*, n.º 8, 1965.

A que máis se aproxima â que ti citas dí:

“Apertéi meu beizo contra o beizo da cunca na extremidade
do desexo
de procurar dél os medios da vida longa;
puxo o seu beizo contra o meu beizo e díxome en segredo,
“Bebe viño, pois a este mundo non has tornar a vir”.

(A tradución de Arberry non é en verso. A verba que traduce por
“cunca” é máis ben “pota” ou “cacharro”).

A miña tradución da correspondente cuarteta de Fitzgerald é:

“Voltéi logo meu Beizo a esta Cunca Terrena
pra saber cal da Vida era a fonte segreda:
e Beizo contra Beizo, marmuróu: “mentras vivas
¡Bebe!, que cando morras non has tornar â terra.”

Esta cuarteta é unha consecuencia da anterior que di:

“Entón berrareille o mes xirante Firmamento
—¿Qué Lus lles dá o destino, pra servir de Guieiro,
os meus Nenos Pequenos que tropezan na Noite?”
E respondeume o Ceo —“¡Un cego Entendimento!”

Agardando que coincidamos nalgunha das nosas visitas a Vigo ou
Coruxo, recibe unha cordial aperta do teu amigo

Plácido

[Nota: Carta con cabeceira na que di: Paseo Cervantes, 8, Cambados].

Cartas de José María Castroviejo

XIII

Vigo, 13 de maio de 1959

Sr. Don Álvaro Cunqueiro
Mondoñedo

Querido Álvaro: Tes razón que che abonda; cometín un erro ao escribir aquela carta, da que, naturalmente, o moucho¹ aproveitaría o que lle conviña e deixaría de ler o máis importante, isto é os meus reparos á súa versión. Agora ben, isto ensinárame a non cair noutra, por moito que mo pidan (e conste que si o fixen foi sómentes por non querer rifar definitivamente con él, pois, as nosas mulleres son veciñas e amigas. Pódesme creer que a muller dise home dame moita pena, xa que non sabe nunca da misa a media e non se decata das continuas e infinitas trapalladas que fai).

Sabrás o susto que lle meteu á familia de Paco hai días, por unha nova mentira sin gracia, sabrás que anda metido en serios lios profesionás... en fin, coido que vai acabar moi mal. Pero tamén coido, coma tí, que xa non merece nin o noso noxo. Eu teño sufrido e sufro moito por ista falsa amizade que nos liga; falsa, en canto a él, que me aproveita cando lle convén e me aldraxa coma todos.

Leín o teu artigo, que me deu Emilio. O moucho falárame dél por teléfono e prometeu mandarmo, pero non se atreveu, porque tiña que responderme á túa pregunta encol da famosa cantiga. Ándame fuxido istes días, pero por maliaxe non será por moito tempo. En fin, ¿que che vou decir? Si houbese un medio eficaz de segregalo da sociedade, aínda se podería intentar. O millor será inoralo, anque non é doado, porque a súa língoa destila unha continua pezoña.

O Alberto, si é que ten algún ascendente sobre él, debería intentar algún remedio. Eu o que teréi que facer calquer día será mandalo á merda pra sempre, inda sendo de natural tan oposto a rifar con ninguén.

¹ Referencia a Ramón González Alegre, “Moncho” ou “Moucho” alcumado, autor dunha deostada *Antología de la poesía gallega contemporánea*. Adonais. Madrid. 1959.

Non teño que decirche que aprobo canto escribiche, tan contundente e certoiro, tan autorizado —por ser teu e polo que dís— que xa ninguén dubidará de que, nefeito, é un invalidado pra falar distas cousas.

O que máis me molesta é que un ente tan ruín non haxa día de Dios que non nos deixe en paz, e non nos dé motivo para perder iste chisco de tranquilidade que temos. Haberá que ter cristiána resinación. E nada máis. Unha aperta de teu devoto

Xosé María

(Na cabeceira e nas marxes):

Fúchete sin xantar na miña casa. Cáccamos e Cáccamiños non sei si cho perdoarán².

Polo asunto do “Faro” que coñeces, e que vai camiño de ser realidade, interesábame moito ter probas dos buxos, chumbos e cobres que poida ter o Mancebo³. Xa sabes que serían pra mercar e así llo podes decir a él, pra mos faga. Dempois cicaves, iría eu tratar o asunto, estando ti en Mondoñedo. Mira a ver si se pode facer isto.

² Familia Álvarez-Cáccamo, pais e fillos.

³ Dono da razón social “Imprenta Mancebo e fillos”, mindoniense, que estampou bastantes cousas de Álvaro durante moitos anos e épocas, opúsculos para os amigos, de poucos exemplares, hoxe inencontrables. Polo que se di, na altura, estase a liquidar o prelo.

XIV

Vigo, 2 San Xohan 1956

Sr. Don Álvaro Cunqueiro Mora e Montenegro.

Meu querido amigo: Aínda ben non puxeche o pé no estribo —pois supoño que, como bó fidalgo, terás feito o camiño dacabalo— van as miñas letras seguíndoche os pasos, por mor da malfadada teima coleccionista, que me atacou ista primaveira atal que un noxento sarampelo.

Ao chegar ista carta ás túas mans, farás como sigue:

1º-, deixarás calquer outro atafego, lecer, descanso ou necesidade fisiolóxica, por urxente que seña.

2º-, acodirás ao obrador do teu amigo imprentador e, previos os saúdos de ritual, pediráslle permiso para te mergullar nos seus antergos arquivos.

3º-, munido de gardapolvo, pala e pica, meteráste de curucha nos caixóns, caixas, anaqueles, arcas, arcóns e arquetas, cartapacios e cartafoles, e demais segredos recantos de vetusto obrador, a fin de rescatar pra o meu sosego cantas tarxetas de visita ou cortesía haxa por alí dos tempos idos, xa señan anónimas —simpres orlas ou emblemas— xa ostenten o nome do usuario.

4º, asemade, pescudarás os tacos ou planchas orixinaes —que requisarás con máixima limpeza— e farás tirar deles urxentemente unha copia en papel corrente. Logo gardarás nos petos os clichés, para os fins que se especifican no artº. 6º.

5º, Por correo ordinario mandarásme os tales impresos, xunto cas necrolóxicas exequias de difuntos mortuorios de que me falache.

6º, gardarás na túa casa os tacos, ben aparelados da túa man, e mos traerás na sazón oportuna, facendo saber ao seu dono que se trata de un empréstimo, cesión temporal, ou breve usufructo, pra tirar eu deles nos tórculos vigueses unhas copias en papel vello.

Esto todo farás de contado, sen pérdida de tempo, excusa nin pretesto.

Por correo aparte mándoche a “medicina curativa o la purgación” de Mr. Le Roy, con graves exempros e benéficos consellos, a fin de que poñas en cura a túa importante saúde, agora que é tempo de temperar os humores. Vai no libro a vera imago de A.¹, con cara de capacáns.

Unha aperta de

Xosé María

Gran Vía, 326-5º dra.

¹ Parece referirse ó propio Álvaro Cunqueiro, debuxado por Castroviejo.

XV

Tirán, 5, agosto del 59

Sr. D. Álvaro Cunqueiro
Mondoñedo

Mi querido Álvaro:

Acabo de arribar de las Américas y esperaba abrazarte en Vigo, por lo que me dijo el hamletiano Fernando Alonso, al que encontré en Madrid, y a mi llegada acompañado de su coima Dans. Alberto me informó de tu salida hace días y de las desventuras de tu magnífico Hamlet, lo que por otra parte me anticipara Fernando Amat. A México me comunicaban de ABC el despiadado trato quirúrgico (*sic*) de la Censura a artículos míos por lo que no me extraño de nada, pese a la sedicente liberalización del régimen. Pero tu Hamlet triunfará, de cualquier modo: en plaza o ágora o en salón cerrado.

Estoy deseando verte y Tirán te espera adornado, esta vez con tequila y chile azteca o de repimpangallo. Me ocupé y preocupé de tus cosas y te traigo una oferta (en dólares) incitante. Pero tendrías que estar 3 meses como mínimo en tierra ultramarina. Hablaremos. Dime si puedes venir a pasar unos días en esta vieja casa; de todos modos tenemos el Albariño el 30. Ven antes con calma.

Con mi mejor recuerdo y agradecimiento a Carmen y Pepe¹ y un abrazo a los amigos de ahí, recibe otro de tu entrañable

José María

P.S. María Francisca² os agradecería mucho otras semillas de nabo como las pasadas —excelentes— dice que es la época este mes y os envía, con toda esta casa, su total afecto. Vale.

¹ Irmáns de Álvaro.

² María Francisca Bolívar, esposa de Castroviejo.

Cartas de Francisco Fernández del Riego

XVI

Vigo, 29-Xaneiro 1959

Meu querido amigo:

Acabo de recibir a túa carta. Tés razón en te queixar do retraso na saída do “Hamlet”¹. Eu síntome máis nervioso e inqueda que ti. O erro inicial estivo en lle dar o libro a Peón pra que o imprimase. Quíxose faguer unha edición con letra de caixa por quedar millor que a de linotipo, e pensando que o texto era breve, supúxose que a impresión quedaría lista axiña. Pero o certo é que Peón non fai máis que tomarnos o pelo. Será, seguramente, a derradeira obra que se lle dea a compoñer. O pretexto da lentitude é que ten moi pouca letra. Despois de tirado cada pliego hai que desfaguer o texto pra compoñer outro novo. Como, por outra banda, atende a outros traballos, velahí a enliada.

O sábado foi Viñas a Pontevedra e tivo unha escea violentísima co impresor, pol-o absurdo trastorno que nos está a causar. O lús correximos o terceiro pliego, que arestora debe estar imprentado. Nista mesma semá correxiremos o coarto. Peón comprometeuse a rematar todo en oito días. Veremos si cumple a palabra. Agardo que sí, porque a cousa xa non ten nome. Mandareiche decontado o primeiro exemplar que saia. Conta por seguro que eu non deixo o asunto de man, e que non deixo de dar presa insistente e machaconamente.

¹ *O incerto señor Don Hamlet, Príncipe de Dinamarca*. Peza dramática en tres xornadas, na que se representan as súas dúbidas e morte, e se dá varia noticia de outras xentes. Vigo 1958. Ed. Galaxia. Talleres Peón de Pontevedra. 16 febreiro 1959.

En 8º 91 páx. + v. en bl. + 2 f. de colofón + tapas cartulina. Fixéronse dúas tiradas; unha de 250 exemplares sobre papel rexistro (14 x 21 cms.) e outra de 750 exemplares en papel corrente (12 x 19 cms.).

Con 3 debuxos en negro (no texto) e 1 en color (na tapa) sen firma, pero seguramente de Xohán Ledo.

Adic: A Fernando Alonso Amat. Cont: As tres xornadas da obra.

Xa lín o artigo de Carballo, e resulta curiosísimo que, comentándoo con Piñeiro, lle dixera a íste case idénticas cousas ás que tí agora me dís.

Alédame moito de que o “Sochantre” esteña xa pra saír e que vaias avante no “Simbad” e nos “Curandeiros”.

Da miña intervención cruñexa, o interesante foi que falei en galego e a xente reaicionou moi ben.

Moitísimas gracias pol-a foto que me remesas para o meu arquivo —moi expresiva, por certo— e máis pol-a copra do cego de Viloalle.

Emilio ensiñoume a túa carta. Tiña mentes de che escribir, tan axiña como falase co seu hirmán Xosé María.

Adxúntoche o recorte dun comentario sobre o libro de caza e cociña, que se publicou en “La Noche”.

Na semá que ven, iremos a unha tasca de San Xoán do Monte, pra rendir tributo ás amosas da “matanza” que trouxo Carlos Casal de Becerreá.

¿Cando pensas vir por eiquí? Moitos saúdos de Evelina², e unha forte aperta de

Paco

² Evelina, esposa de Del Riego.

XVII

Vigo, 21-feb., 1959

Sr. D. Álvaro Cunqueiro
Mondoñedo

Meu querido amigo:

Recibín a túa carta no papel membretado que xa me amosara o Ferreiro. Agradézoche o envío da túa foto escribindo na “Smith Premier”. Alberto, a quen xa fai moito que non vexo, non me ensinou a portada do “Sochantre”¹.

Rodríguez Lapa está en Belo Horizonte. Ficaré aínda un ano espicando leiciós na Universidad de Minas Gerais. Precisamente hoxe recibín unha longa i espresiva carta súa, na que me dá saudades pra tí. Non sei de que tempo disporá alí, pero polo máis, coido que non terá inconveniente algún en prologarche o libro².

Supoño que xa terás no teu poder o exemplar do “Hamlet” que che remesei. Foi o primeiro³ que saíu do prelo. A mín góstame moito ¿e a tí?

Cando veñas por Vigo, terémosche preparado o bacallau.

Saúdos de Evelina e unha forte aperta de

Paco

¹ *As Crónicas do Sochantre*. Portada de Suárez Llanos. 7 ilustracións en negro de Xohán Ledo. Vigo 1956. Editorial Galaxia. Talleres Faro de Vigo. 22 agosto 1956. En 8º 146 páx. + 1 f. de colofón, + 1 f. de anuncio editorial + 1 f. en bl. + tapas cartulina. Adic: A Francisco Fernández del Riego. Cont: Textos iniciais: Bretaña é unha terra...; Charles Anna Guenole...

Parte primeira: A carroza, (4 caps.).

Parte segunda: As historias (7 caps.)

Parte terceira: Os viaxes (introd. e 4 caps.; un deles o entremés de Romeo e Xulieta, famosos namorados).

Final.

Apéndices: Dramatis personae e Noticia de Ismael Florito.

² Debe ser o *Sinbad*, 1961.

³ Xá sería o segundo. Cfr. a carta IV, de Emilio Álvarez Blázquez: “Breogán Paco, —que siempre tiene que ser el primero—“ (falando, coma aquí, de libros).

XVIII

Vigo, 17-marzo, 1959

Meu querido amigo:

Recibín a túa carta. Tamén por eiquí gostou moito a portada do “Hamlet”, e de fora recibíronse varias felicitaciós na Editorial. O único que non se mostra satisfeito dela é o Alberto, inda que desconozo as causas. O libro está impresionando a cantos o len, e as opiniós son unánimemente gabanciosas. Deica agora na prensa soio apareceron os comentarios que ti me indicas, e os da “Voz de Galicia”, que tamén conocerás. Díxome Castroviejo que él mandara un seu ó “Faro”.

Xa saiu a “Antoloxía”¹ de Adonais. A pesares das vosas axudas, lense nila traduciós como as seguintes: mouras = moradas; mol rabanda = dulce rabanada; escintilo = tiembla; peitear = abalanzarse; agardando = recordando; mazarico = pajarico; graíñas = micas; fiuncho = anís; albeiro = libre; folías = ¿locuras?; atopar = apresar; zegreles = donceles; alomuiñante = luminoso; lilailas = lirios; zonias = sueños; afeito a ti = afectado de ti. E así moitas máis.

Era cousa de poñer en solfa todo isto para destacar a irresponsabilidade do antólogo. Iste ten acentuada a súa manía persecutoria contra Ferreiro, ti, Castroviejo e máis eu. De mín dí que un día me vai pegar un tiro, non só porque o persigo literariamente, sinon porque lle roubo as asesorías quitándolle o pan dos seus fillos. Trátase dun caso manicomiable.

Acaba de me chegar o paquete coa tarta e o chourizo de porco bravo. Agradézoche moitísimo o grato agasallo. ¿Cando vés a comer o bacallau da Cuaresma?

O outro día fun a visitar a Alberto. Leva quince días no leito, e non hai quen o tire dí. Está herméticamente fechado no coarto, coas persianas baixas e luz artificial. Había que lle quitar o termómetro e botalo ó sol da

¹ *Antología de Poesía Gallega Contemporánea*. Introducción, versión y notas de Ramón González Alegre. Adonais, CLXI-CLXII. Ediciones Rialp, S.A. Madrid, 1959

rúa, pero se non deixa convencer. Supoño, nembargante, que un distes días se decidirá a erguerse.

Por aquí todo sigue como sempre.

Moi garimosos saúdos de Evelina, e a forte aperta de sempre, de

Paco

XIX

Vigo, 22-marzo, 1959

Meu querido amigo:

José Luís Varela, polas novas que eu teño, sigue en Madrid, na dirección de sempre. Pero o “Hamlet” xa llo remesamos nós.

A dirección de Fernández Pousa non a coñezo. Supoño que abondará con lle poñer no sobre “Director de la Hemeroteca Nacional”.

Díxenlle a Emilio que che mandase hoxe mesmo a “Antoloxía” de Adonais. Prometeume que o faría.

Onte, preguntoume Alonso Amat si ibas a vir axiña por Vigo, pois quería falar contigo. Díxenlle que non o sabía, e quedou en che escribir.

Xa verías que o “Hamlet” está outendo un grande eco de prensa.

Unha forte aperta de

Paco

XX

Vigo, 15-maio, 1959

Meu querido amigo:

Lín —limos todos— o certo e valente comentario sobre “La Alegre Antología”. Cando quixemos adquirir máis exemplares da “Voz” xa non había. Emilio pediu cinco á Cruña. Conviña mandarlle un a Cano¹, inda que Ferreiro quedou en llo entregar persoalmente en Palma. Parece ser que o abaneo que sufriu o antólogo foi de medo. Anda a chamar a Alberto² por teléfono continuamente, e quizaves sexa ise o motivo de que cando pides ti comunicación con íl, o atopas sempre ocupado. Alberto sigue mantendo a vella debilidade polo incorrexible botarate. E agora máis, pois fíxolle unha confesión xeral. Contoulle que leva feitas cousas verdadeiramente “diabólicas”, que nin o propio Casal sospeitaría. Pero agora reconciliouse con El Señor, e vai trocar de vida. Precisamente tiña uns fortes argumentos pra te desfaguer literariamente a ti, e pra me pulverizar a mín, e renuncia a iles por mor do relixioso arrepentimento que agora profesa. ¿Qué fallo interior haberá en Alberto pra continuar creendo no desatado histrionismo do inefable persoaxe?

O “Mensaje” de Moure é máis antolóxico ainda que a propia antoloxía do Moucho³. Anda aboiando agora por Galicia unha nova fama de resentidos, incapaces e pigmeos que demanda o emprego do ZZ en fortes dosis.

Frente a todas estas Imbedades⁴, conforta o ánimo a realidade do éxito do “Don Hamlet”. Teño a plena seguranza de que a súa representación resultará tan trunfal, como a obra escrita. O positivo e o certo é que a labor creadora estase faguendo con verdadeiro senso construtivo, e con vistas á súa

¹ José Luís Cano, secretario de *Ínsula*.

² Alberto Casal Rivas

³ Por algunha característica fisionómica que o emparentaba, se cadra, coa nosa ave.

⁴ Queremos ler “Imbecilidades”.

perdurabilidade no futuro. O demais son coñas e ditirambos, pra encobrir a propia incapacidade.

Chegou Castroviejo de Madrid. Díxome que pasará todo o tempo traballando en Espasa. O día 25 sai para México, Puerto Rico e Caracas. Antes quería falar contigo, non sei pra qué.

¿Cando volves por Vigo? Si o bó tempo prosigue, marcharemonos axiña pra Coruxo.

Moitos saúdos de Evelina, e unha forte aperta de

Paco

XXI

Vigo, 10-Nadal, 1959

Meu querido amigo:

¿Desapareciche deste mundo ou sigues existindo? Nada sei de ti. Istan liñas son unhas liñas de urxencia. A revista “Galicia” do Centro Gallego de Buenos Aires, vai adicar un número a Lugo. Pídenme que che solicite “unha cousa leda encol da capital da túa provincia”. Como se trata dun tema que che é moi familiar, non che costará nada mandarme o artigo decontado. Pode vir en galego ou en castelán, e abonaranche 250 ptas. por il.

Adxunto unha nota que apareceu no número de setembro do Boletín do Centro Lucense bonaerense, por si non a conoces.

En espera das túas novas, mándache unha cordial aperta,

Paco

Vigo, 23-maio, 1960

Querido Álvaro:

Recibín as túas liñas, xunto coa carta de Néstor Luján. Verei de facer novas notas bibliográficas pra próximos números.

É pena que se demore a publicación de “Las mocedades de Ulises”¹. Pero inda menos mal si aparez o libro no outono. “A Escola de Menciñeiros”² está soio pendente do teu visto bó pra entrar en máquina. Supoño que xa terás no teu poder as probas emplanadas. Mandáronseche o sábado pra que as supervises.

Ontes, por fin, realizouse a votación académica. Outiven 20 votos, fronte a 13, e 3 abstencións. Dixéronme que no mesmo aito fora presentada, por terceira vez, a candidatura derrotada, fronte á túa. Supoño que será verdade, pero nada terá que facer —moito menos que no meu caso— si tí te mantés na aceptación da proposta. Agardamos que así ocorra, pois é cousa elementalísima que tí deberías estar na Academia fai unha chea de tempo.

Unha forte aperta de

Paco

¹ *Las mocedades de Ulises*. Barcelona 1960. Librería Editorial Argos. Comercial y Artes Gráficas, S.A. (Talleres Raiclán). Non ten colofón. En 4º 259 páxs. + v. en bl. + tapas cartón. Con 5 litografías en color de José María Prim.

Adic: A Ignacio Agustí. Cont: Advertencia (firmada A.C.); Pórtico; Parte 1ª (5 caps.); Parte 2ª (Pórtico, 6 caps. i epílogo); Parte 3ª (Pórtico, 8 caps. i epílogo); Parte 4ª (5 caps. i epílogo); Final; Índice onomástico.

² *Escola de menciñeiros; e Fábula de varia xente*. Prólogo de Domingo-García Sabell. Ilustracións de Ribas. Vigo 1960. Editorial Galaxia. Talleres de Faro de Vigo. 30 de San Xoán 1960. En 8º 157 páxs + v. en bl. + 1 f. de colofón + tapas cartulina. Con 5 debuxos en negro de Ribas e 1 en color (na tapa).

Adic: A Vicente Risco. Cont: Prólogo de D. García-Sabell, A grande regueifa dos curandeiros (adicada á memoria de Emilio Mosteiro); Escola de menciñeiros (int. e 10 semblanzas); Novidades do mundo e fauna máxica (16 pequenas noticias); Fábula de varia xente (5 semblanzas).

XXIII

Vigo, 27-maio, 1960

Meu querido amigo:

Recibín as probas correxidas dos “Menciñeiros”, xunto coa túa carta. Xa encargarei que se non esquezan de que figure no libro a adicatoria ó Risco.

Moitas gracias pola noraboa. Non porcurei, como ben sabes, o nomeamento académico, e mesmo cheguei a il contra da miña vontade. Pero agora estou satisfeito, sobre todo pola reación ambiental. Levo xa recibidas unhas trescentas felicitaciós, cousa que nunca me ocorreu, nin pensei enxamais que se produxera.

Alédame que vaías dando remate ó “Simbad”. Farei canto esteña na miña man pra que o libro saia nas datas que che interesan.

En “Destino” inda se non publicaron as notas que remesache. Guerra da Cal estimarache moito que te ocupes do seu libro¹. Verei de facer algo sobre os “Menciñeiros”, cando quede un pouco aliviado da morea de cousas que teño riba de min.

E agora, unha nova insistencia sobre a túa proposta académica. Xa sabes que eras o único candidato, e que ibas saír por unanimidade. Pero o día que se celebrou a miña eleición, derradeiro do prazo pra presentar novas propostas, presentaron Sigüenza, Bugallal e Vales², a de Leal novamente. A cousa non caeu nada ben, pois tiñan dito que non insistirían. Confían no trunfo, basándose na especie de que a ti te dobregarán doadamente pra que renunciés. E, craro está, ó renunciar, trunfaría automáticamente a outra candidatura. Dígoche isto, confidencialmente, pra que te decates antre qué xentes andamos. Penso que eiquí non se ventilan, ou polo menos se non deben ventilar, problemas personás, si non valores culturás. Toda a Galicia culta, de dentro e de fora da Academia, agarda espectante o teu nomeamento.

¹ *Lúa de além-mar*. Galaxia. 1959

² Xulio Sigüenza, Bugallal Marchesi e Vales Villamarín, na altura numerarios da RAG, que propuxeron a Leal Insua.

Fai unha chea de tempo que ti, máis que ninguén, deberías ser numerario da Corporación. Pero, inda que serodiamente, eu sentireime feliz de que agora se repare a inxusticia. Sería un atentado á memoria de Cabanillas, que outro que non foses tú ocupase a súa vacante. Estamos á túa beira moitos máis dos que imaxinas. Eu, persoalmente, loitarei hastra esgotarme pra conseguir que o teu nome prestixie a Academia. Temos que vitalizar este orgaísmo cultural noso con seiva nova, impedindo que esmoreza e se perda na máis noxenta inoperancia. Ti nada buscache, nin nada pediche. O único que fas, non refugando a proposta, é condescender cos amigos e admiradores que te propuxeron, e con todos os máis que queren faguer contigo e coa túa obra un aito de elemental xusticia.

Isto é todo. Recibe a cordial aperta de sempre, de

Paco

XXIV

Vigo, 10-feb., 1961

Meu querido amigo:

Recibín as túas liñas, e tamén a partida de bautismo do pai de Juana de Ibarbourou. Moitísimas gracias.

O de Taibo semella ser certo, e teño entendido que lle manda o seu voto a Aquilino pra que iste o utilice no intre oportuno. Coido que as cousas irán ben. O día 19 irei á Cruña pra asistir á sesión onde se van ler os dictames. Acordarás a data de votación pra cubrir a vacante de Cabanillas, que será nos meados de abril.

Devólvoche a carta de Suárez-Llanos. Trátase dun rapaz moi intelixente, fillo dunha hirmá do que foi alcalde de Vigo. Il é de Sarria, onde o seu pai é boticario, ou cousa así. Estudou a carreira de Letras, e dende iste curso profesa Literatura española na Universidade de Syracuse. Vai publicar un libro de contos en galego, na colección “Illa Nova”¹.

Axúntoche unha nota sobre “Escola de Menciñeiros”, feita por Fernando Cadaval², e outra sobre “O Señorito da Reboraina”, escrita por X. L. Franco Grande, pra que as mandes a “Destino”. Si sospeitas que non as han publicar, devólvemas pra llas enviar a Canito, pois en “Insula” tamén queren adicar unha sección a bibliografía galega.

E agora un favor. Un primo meu, de Vilanova, ten presentada unha demanda de desahucio no Xuzgado Comarcal de Mondoñedo. Trátase dunha cousa vella, que agora replantea. Nós entendemos que a pretensión é moi xusta e que debe prosperar. Como sei da túa amizade con Mon³, que é quen terá de fallar o asunto, estimaríache moito que lle falases co meirande interés, a fin de lograr unha sentenza estimatoria.

¹ *Lonxe de nós e dentro*. Galaxia. 1961.

² Trátase de Carballo Calero.

³ Juan Álvarez de Mon.

A demandante é Ramona Pérez Mastache, representada polo procurador Jesús Gómez Martínez, e a demandada Rufina Ron Iglesias. Agradeceríache, pois, que lle recomendases a Mon o asunto; e si che pido esto é porque entendo que é absolutamente xusto o que se pretende na demanda.

E nada máis por hoxe. Recibe unha cordial aperta, de

Paco

Vigo, 20-feb., 1961

Meu querido amigo:

